

'MAGMA DE PALABRAS'

# Monteagudo avanza a publicación da 'guía de fondos' de Sarmiento

► O secretario do Consello refire, nun acto do Instituto de Estudos Galegos, que o frade "perseguía a pantasma do saber universal" ► O proxecto do CCG está a levar adiante a transcripción e edición do seu inxente corpus científico-literario

REDACCIÓN • SANTIAGO

Abrolla do "magma de palabras de complexo tratamento" que é o corpus literario de Frei Martín Sarmiento. O Proxecto Sarmiento, unha inxente iniciativa editorial e científica do Consello da Cultura (CCG) Galega, foi presentado onte pola secretario desta institución e coordinador do traballo, Henrique Monteagudo, nun Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento que onte, e por segundo ano consecutivo, celebraba a data do seu padroeiro.

Partindo dunha teima que "estimulou intelectualmente" a Carlos Casares nos últimos días da súa vida, o Consello retomou a tarefa de recoller, -en volumes accesibles ó público, anotados e editados da man dun equipo interdisciplinar de expertos-, a obra do grande frade ilustrado.

"Sarmiento perseguía a pantasma do saber universal", sinalaba onte Henrique Monteagudo, e "a súa xigantesca obra, dezoito volumes da colección Medina-Sidonia, son o mapa desa persecución".

**Como "puzzle de moi difícil composición" definiu Monteagudo o proceso de transmisión dos orixinais do frade**

Precisamente esa colección Medina-Sidonia, -unha copia fiel dos autógrafos de Martín Sarmiento, depositada no arquivo ducal de Sanlúcar de Barrameda, Cádiz-, é a "columna vertebral" da edición académica que agora afronta este Proxecto e que xa principiou coa localización de fondos e a estruturación dunha guía dos mesmos, un índice de manuscritos sarmientinos en arquivos e bibliotecas de España e do estranxeiro.

Será esa guía de fondos case rematada, por orde alfabética, con localizacións, e no que tamén se inclúe a correspondencia do autor, parcialmente recollida no pasado por Filgueira Valverde-, o primeiro volume que chegue ós investigadores e lectores galegos neste ano.

Como "puzzle de moi difícil composición" definiu Monteagudo o proceso de transmisión dos orixinais do frade de Vilafranca, un "sementador de pistas falsas" no que á súa propia obra se refire. Por riba da opacidade, sen embargo, o Proxecto Sarmiento, -sinalaba onte o secretario do Consello-, puxo unha



Isidro García Tato, esquerda, Zulueta de Haz, Pardo de Guevara, Henrique Monteagudo e Felipe Criado no acto académico

VINTE ANOS NUN VOLUME

## O proceso de normalización do idioma galego

O Consello da Cultura Galega acollerá hoxe a presentación do primeiro volume de *O proceso de normalización do idioma galego: 1980-2000*, unha obra impulsada pola Sección de Lingua do Consello da Cultura.

Este acto, que contará coa presenza dos coordinadores do volume, Henrique Monteagudo e Xan Bouzada, supón facer público o primeiro froito dun traballo que ocupou á Sección de Lingua durante catro anos (1998-2002), tempo no que se elaborou un completo informe que se compón en total de catro volumes, o primeiro dos cales é o que se presenta hoxe.

*Política Lingüística: análise e perspectivas* é o título que leva esta primeira parte, en que se recollen as conclusións que o equipo de traballo obtivo da área de investigación que denominaron "área

de politoloxía". Nela estableceuse un marco xeral para o labor do resto dos sectores especializados (educación, administracións públicas, planificación e difusión da lingua).

O traballo realizouse en colaboración coa empresa *Cidada-Rede de Aplicacións Sociais*, que se ocupou das enquisas e da aplicación das metodoloxías de investigación sociolóxica, unha serie de enquéritos que agora se ven reflectidos neste volume.

### Triple obxectivo

Con este ambicioso proxecto promovido polo Consello da Cultura Galega, baixo a presidencia de Alfonso Zulueta de Haz, preténdese acadar un triple obxectivo: mellorar o coñecemento dos usos públicos da lingua galega, ofrecer elementos para avaliar o impacto das

iniciativas de normalización levadas adiante polas administracións entre 1980 e 2000, -entre elas a vixente Lei de Normalización Lingüística, e, finalmente, identificar os puntos fortes e débiles da política lingüística en Galicia, para melloralas a súa efectividade.

Este proxecto completárase coa edición doutros tres volumes, que suporán o máis amplo estudo acometido sobre o proceso de normalización na nosa comunidade autónoma.

O segundo volume do Consello da Cultura versará sobre a investigación do traballo nun ámbito capital para o futuro do idioma como é o ensino infantil e primario, o terceiro sobre as administracións públicas e o cuarto e último dedicárase ós traballos sobre adaptación, actualización e difusión da lingua. ■

especial "énfase na localización de autógrafos", empeño que tivo os seus froitos na localización, por parte do propio Monteagudo, do orixinal das *Coplas gallegas* na Biblioteca Nacional de Madrid.

Coñecedor da letra do sabio, o equipo de Monteagudo puido, nesa procura, certificar a existencia de orixinais de Sarmiento e reunir "un dez por cento da súa obra na versión autógrafa".

Monteagudo referiu onte o novo proceso iniciado trala localización de fondos, o da transcripción de textos e a actualización lingüística dos mesmos, a cargo dun comité de editores que dará lectura ós transcripcions e elaborará estudos introductorios, notas e comentarios dos *pliegos* de Sarmiento.

No acto académico de onte no Pazo de San Roque participaron o presidente do CCG, Zulueta de Haz, o director do Instituto, Eduardo Pardo de Guevara, o subdirector do Sarmiento e novo coordinador de Humanidades do CSIC, Felipe Criado e o secretario de publicacións do IEGPS, Isidro García Tato.